

ACREDITACIÓN MÉRITOS LEI 20/2021 CONCURSO-OPOSICIÓN SUBGRUPOS C1 e C2: CORPO ADMINISTRATIVO C1 XEROCULTOR/A

Santiago de Compostela 11/06/24

Publicada en DOG a Resolución de apertura do procedemento para a acreditación de méritos dos procesos selectivos extraordinarios de estabilización derivados da Lei 20/2021, mediante o sistema de **concurso-oposición**, seguintes:

- **Administración especial:**
 - [Corpo de auxiliares de carácter técnico, escala de xerocultor/a.](#)
- **Administración xeral:**
 - [Corpo administrativo, subgrupo C1](#)

**Os méritos deberán referirse ao 27/12/2022
(data de publicación da convocatoria no DOG)**

PROCEDEMENTO:

Os méritos achegaranse ao expediente persoal electrónico, a través de: <https://fides.xunta.gal>

O procedemento está establecido na [Resolución do 5 de decembro de 2023](#).

En FIDES comprobaranse os datos que figuran no expediente:

- a) **Si estás conforme** cos datos consultados, porque os méritos baremables neste proceso figuran no estado de validados, **non precisas realizar ningunha actuación.**
- b) No **suposto de non estar conforme** cos datos consultados, por non constaren ou por seren incompletos, **debes incorporar a información non rexistrada** presentando a **solicitude de actualización dos méritos xunto coa documentación acreditativa** deles ao abeiro do establecido na Resolución do 5 de decembro de 2023.
- c) **Si atopas** no expediente electrónico **erros** nos méritos nos estados de «**En Trámite**», «**Validado**», «**Duplicado**» ou «**Descartado**»; **ou que non se recollese** no seu expediente **algún período da súa experiencia** profesional **interna** ou **figuren erros** nela debes presentar **alegacións a través de Fides** na epígrafe de «**inscrición en procesos selectivos**», accedendo ao proceso de estabilización desta resolución en que figure inscrito, na epígrafe «**que podo facer?**», «**presentación de alegacións**».



SE NON TES MÉRITOS PARA ACREDITAR NON PRECISAS REALIZAR NINGÚN TRÁMITE

DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA:

Os **méritos** que a **11/06/2024** os atopas **incorporados no expediente** electrónico no estado «**acreditación documental incompleta**» debes **acreditalos**, para iso:

- **Presenta toda a documentación** seguindo o establecido nos números **3 e 4 da instrución oitava da Resolución do 5 de decembro de 2023**, é dicir:
 - **Achegando as copias electrónicas auténticas a través de FIDES, ou**
 - **Cando non dispoñas de copias auténticas: presentando a documentación de maneira presencial (Rexistros).**

PRAZO:

10 DÍAS HÁBILES A PARTIR DO 12/06/24:

- Para **actualizar** méritos e a súa documentación.
- Para **emendar** o estado «**acreditación documental incompleta**»

ESTADO DOS MÉRITOS PARA SER BAREMADOS:

- Os **méritos** reflectidos no expediente electrónico persoal na epígrafe de experiencia profesional interna e nos restantes méritos no estado de **validados** serán **os que teña en conta o tribunal na baremación** do concurso, referidos **á data 27/12/2022**.
- Os **méritos** que **incluídos** no expediente a **11/06/24** no estado de **validados non podes presentalos de novo**.

PRESENTACIÓN E ADMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS

- **Si entre** a entrada en vigor da **Resolución do 5 de decembro de 2023 e a publicación da actual apertura de prazo, solicitaches validación dalgún mérito** previamente rexistrado no teu expediente e este se encontre nos estados de «**pendente de presentar ou tramitar**» ou «**en trámite**», **non terás que presentar novamente a documentación acreditativa** de tal/es mérito/s **agás** a complementaria que resulte necesaria para a súa **actualización**.
- Non se terán en conta neste proceso:
 - outros méritos presentados polas persoas aspirantes distintos dos que figuren no seu expediente persoal electrónico ou
 - que se soliciten no expediente ou
 - que se acrediten documentalmente con posterioridade ao prazo dos 10 días establecido no punto cuarto desta resolución.
 - Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva **non se admitirá**, unha vez **rematado o prazo** de acreditación de méritos establecido neste resolución e para os



efectos da súa valoración neste proceso, ningunha **nova documentación acreditativa de méritos**, aínda que consten rexistrados na solicitude de actualización ou modificación do expediente persoal.

- **Exceptúase** aquela **documentación** que, xustificándoa documentalmente neste mesmo prazo, **a solicitases** ao organismo ou entidade competente **e non fose recibida no indicado prazo**. Neste suposto admitirase a súa presentación ata o momento da finalización do prazo para a presentación de reclamacións á baremación provisional.

PRIORIZACIÓN DAS SOLICITUDES DE ACTUALIZACIÓN

Dáse **prioridade** á tramitación das **solicitudes de actualización** do expediente persoal electrónico que se presenten ao abeiro dos **procesos selectivos** extraordinarios de estabilización derivados da **Lei 20/2021**, coa finalidade de axilizar a súa resolución.

